



## 30 DE XANEIRO DÍA DA PAZ

A harmonía das armas non depende do  
parentesco dos corpos .

**Friedrich von Schiller**

LECTURAS

**Miguel A. Murado**  
**A morte en Croacia**

*BIBLIOTECA FERNANDO BLANCO*  
*Inverno 2008*

---

## A morte en Croacia

*Esa tarde no bistró do Hotel Esplanade falabamos para matar o rato. Eu fixera un mapiña sobre o mantel de papel onde trazara a situación das fronteiras tal e como eu a vía. O Exército Popular Iugoslavo andaba xa preto, a pouco máis de cincuenta quilómetros. Pero axiña esquecemos a guerra e falamos doutras cousas: da comida, do difícil que era atopar isto ou aquilo. O enviado especial de la Repubblica díxonos do viño que facía na casa, do que lle gustaba esquiar. Logo contounos que falara por teléfono co fillo. Aprendera a falar na súa ausencia.*

*- O Golfo, Etiopía, Slovenia, Croacia... qué maneira tan absurda de vivir. É como ir buscando que che peguen un tiro no lugar máis raro posible.*

*Unha sombra cruzou de parte a parte o restaurante. Pero entón as luces apagáronse e el mesmo exclamou:*

*- Unha aposta: alarma aérea ou aforro enerxético?*

*E recuperamos o bo humor no momento.*

Ás veces é por unha parvada.

Esa mañá simplemente aborrecía no hotel. Non tiña traballo porque era fin de semana e os informativos da fin de semana dedican a metade do tempo ós deportes. Non había nada que facer e ningún sitio ó que ir, de xeito que decidíu ir quitar unhas fotografías a Sisak —a refinería ardendo, a ponte voada—. Así que alugou un automóbil, escribiu cun rotulador grosso a palabra máxica, “PRESS”, nunha cartulina, pegouna no parabrisas con cinta de empacquetar e dirixiuse á autoestrada de Panonia.

A autoestrada volvérase un enorme absurdo perigoso. As fantasmagóricas cabinas da peaxe, baleiras, e os teléfonos de SOS cada douscentos metros. Naqueles dominios rexía un código de circulación distinto: valía deterse cada pouco e había que atravesala a tanta velocidade como se puidese. Algúns treitos caían nos límites da guerra e algunha que outra vez os *chetniks* serbios chegaban ata alí nas súas incursións. non lle querían ben á prensa e levar na carteira unha credencial emitida polo ministerio de información do goberno rebelde viña ser ás veces como levar no peto a propia condena a morte asinada por un funcionario.

Ambos carrís estaban mudos. ningún automóbil en ningunha dirección. Puxo a radio, música italiana e informativos en serbocroata. nada de especial salvo a paisaxe de álamos e o millo, escuro e húmido.

Ao lonxe viu uns cantos vehículos parados pero non lle deu importancia e seguiu achegándose, ben que aminorando a marcha. Cando se decatou do que ocorría, era xa tarde de máis. Vírano e estábanlle apuntando.

Un pequeno grupo de soldados iugoslavos interceptaba a autoestrada. “Merda”, pensou. “Son o maior imbecil do mundo”.

Fixérono baixar. Onda os automóviles había outros cinco ou seis que se viran sorprendidos da mesma maneira ca el. Aínda que tampouco se decataban da gravidade do asunto polo momento.

Foron caendo na conta cando o capitán que estaba ó man do rexeitou ver os seus documentos. Os soldados faláron entre eles nun ton que o alarmou. “Isto non ten sentido”. Entón todo se precipitou.

O capitán mandounos poñer en fila na beiravía. Foi daquela cando comprendeu que os ían matar a todos. Sen máis andrómenas. O silencio delatábo. “Vou morrer”, pensou. “Agora mesmo. Dentro dun minuto xa non estarei. Vou morrer?”. E sentiu que esa sorpresa lle

bloqueaba a mente e non era quen de entender realmente o que ocorría. Era unha sensación extraña porque non sabía que actitude tomar diante desa nova evidencia. Que postur adoptar para morrer? que debemos pensar? que debemos facer ou non facer? A inmediatez da morte negaba xa a soa posibilidade de reflexionala. Non deixaba espazo a ningunha outra cousa; era como se xa tivera sucedido todo.

Mecanicamente tirou da cazadora a súa libretina de notas e o bolígrafo e púxose a escribir a toda presa unha nota para a súa familia. “Perdoádeme polo que fixen. Sei que isto vos vai causar unha grande dor...” Pero mentres o facía, non podía levar da cabeza a idea de que ía morrer, de que o ían matar nuns segundos. E era imposible que non fose así. Sentiu a chegada do abatemento. Alí, apoiado no capó do coche que alugara regateando o prezo, estaba consumindo o último acto da vida. Todo o trivial se volve absurdo cando o tempo acaba.

Mirou arredor de sí, á fermosa paisaxe do mencer. Tantas cousas como hai no mundo. Que país tan extraño para vir morrer. Os altos álamos tristes e o millo por recoller. Pero pensou que era fermoso. Dobrou a nota cunha meticulosidade innecesaria e escribiu o seu nome e enderezo nela. Deulla a un dos soldados, que pareceu comprender porque non fixo outro xesto que o de gardala no peto da guerreira. Notou por primeira vez que lle tremían as mans. O capitán veu e empuxouno contra a beiravía. Viu que estaba tan nervioso coma eles. Pero todo o mundo se mantivo en silencio. Ninguén dixo nada, ningún suplicou nada. Non saberían o que. De feito todos pareceron saber de repente o que tiñan que facer. Era como unha broma.

“É posible que morrer sexa isto?”, pensou. “Só isto. Todo cando levo sufrido, todo canto levo disfrutado... rematou para sempre?” Pensou que quizais podía intentar algo, identificarse por exemplo. El era un extranxeiro, non coma os outros; pode que puidera salvar a vida.

Pero que máis tiña, despois de todo? Non foi capaz de articular unha palabra. Só de poñer as mans á espalda, instintivamente. Parece como se ás veces morrer sexa o máis fácil. Así pensou el que debía ser agora. Non requiría ningún esforzo, só deixarse levar pola pendente.

“Vou morrer, vou morrer, vou morrer”. Era todo canto podía repetirse; a frase íao enchendo dunha intensa forza e conducíao nunha dirección descoñecida. Cara unha vertixe que empezaba a extenderse en todas direccións. A morte aceptada así parecíase ridículamente ó suicidio. Unha sensación de mareo. As armas apuntaron, chascaron os seguros. Botouse a chorar con sorpresa. Non esperaba iso. Cinco segundos e estaba morto. Tan rápido como iso. A morte, cando quere, non necesita máis.

Miguel A. Murado